



Ref. ACTAS

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Sr. Alcalde-Presidente

D. ALBERTO VARELA PAZ

Os/as Concelleiros/as delegados/as constitúen un órgano de goberno complementario da organización, sinalando o artigo 43 (e seguintes) do ROF os termos das delegacións ao distinguir entre delegacións xenéricas e especiais. É dicir, por un lado o Alcalde pode efectuar decreto de delegacións xenéricas de unha ou varias áreas a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, e por outro lado, o Alcalde, tamén por Decreto, pode efectuar delegacións especiais en calquera concelleiro/a para a dirección e xestión dos servizos correspondentes. As delegacións xenéricas se refiren a unha ou varias áreas ou materias determinadas e poden abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos correspondentes como a da súa xestión en xeral.

Vistos os artigos 21 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, artigo 61.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 e 35 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía:

Tendo en conta o elevado número de documentos administrativos que se someten diariamente a resolución e sinatura desta Alcaldía e dado que moitos deses documentos precisan ser resoltos e asinados de inmediato e teñen na súa grande maioría un carácter reiterativo veño en resolver o seguinte:

Delegar a resolución e sinatura dos asuntos que se dirán, na seguinte Concelleira:

Dona LUZ MARIA ABALO PÉREZ, Concelleira Delegada da Área de Economía e Facenda, nos temas relativos a:

- 1) Resolución de trámites administrativos no relativo a xestión catastral que realiza o Concello, en relación co imposto sobre bens inmobles urbanos, rústicos e BICES.
- 2) As notificación e comunicacións de trámite derivadas do Plan de inspección de tributos municipais.

O presente Decreto entrará en vigor o día da súa firma, debendo publicarse no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal: <http://sede.vilagarcia.gal>, conforme co disposto no artigo 6 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde-Presidente, o día 26 de xullo de 2023, ante min a Secretaria que certifico.

